



## Concello de Palas de Rei

### ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2019/10	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria
<b>Data</b>	20 de xuño de 2019
<b>Duración</b>	Desde as 11:00 ata as 11:30 horas
<b>Lugar</b>	Dependencias Municipales
<b>Presidida por</b>	PABLO JOSE TABOADA CAMOIRA
<b>Secretario</b>	Antonio Mosquera Rodríguez

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33547519H	ALBA VILLASANTE TORRES	SÍ
33553158E	ANA MARÍA CORREDOIRA VÁZQUEZ	SÍ
32441374N	Amando Sande Agra	SÍ
33206921G	Fernando Alfredo Pensado Barbeira	SÍ
33302245Q	Horacio Rouco Ferro	SÍ
33305102K	José Ramón García Vázquez	SÍ
33318023Q	José Ramón López Bruzos	NON
33309657E	José Sabino Prieto Vázquez	SÍ
33334372N	María Aurora Vila Agra	SÍ
33327704Z	PABLO JOSE TABOADA CAMOIRA	SÍ
76583823X	RODRIGO GONZÁLEZ PENAS	SÍ

### Concello de Palas de Rei



## Concello de Palas de Rei

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### Aprobación da acta da sesión constitutiva

O señor Alcalde solicita aos concelleiros se teñen algunha alegación á acta da sesión de constitución celebrada o día 15 de xuño de 2019, visto que non se producen intervencións procedese a votación sendo aprobada por unanimidade do concelleiro presente.

#### **Coñecemento das resolucións da Alcaldía en materia de: composición da Xunta de Goberno Local, nomeamento de Tenentes de Alcalde, delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local e Concelleiros. Declaración de excedencia forzosa de D<sup>a</sup>. Alba Villasante Torres. Expediente 424/2019. Excedencias e outras Situacións Administrativas**

O señor Alcalde da conta dos seguintes decretos de Alcaldía, que a continuación se expoñen de maneira literal:

#### **“Asunto: Delegación de funcións**

##### **Resolución de Alcaldía**

**N.º Resolución:** 2019-0209

**Expediente N.º:** PLN/2019/10

**Asunto:** *Delegación de facultades para dirixir e xestionar servizos sociais*

**Procedemento:** Convocatoria de O Pleno

**Fecha de iniciación:** 14 de xuño de 2019

#### **RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

*Celebradas as eleccións locais o pasado día 26 de maio de 2019, convocadas por Real Decreto 233/2015, do 30 de marzo, polo que se convocan eleccións locais e ás Asembleas de Ceuta e Melilla, vista a sesión constitutiva do Concello de data 15 de xuño de 2019, en uso das facultades que lle confiren os artigos 21.3 e 23.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade cos artigos 43, 44, 45 e 51 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro,*

#### **RESOLVO**

**PRIMEIRO.** *Delegar facultade interna de dirixir e xestionar a area de servizos sociais na Concelleira D<sup>a</sup>. Alba Villasante Torres, excluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.*

**SEGUNDO.** *Delegar a facultade interna de dirixir e xestionar os servizos de obras no Concelleiro Sr. D. Amando Sande Agra, excluída a facultade de resolver*

## Concello de Palas de Rei



## Concello de Palas de Rei

mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

**TERCEIRO.** Notificar persoalmente a presente resolución aos designados, que se considerará aceptada tacitamente, salvo manifestación expresa; e remitir a resolución do nomeamento ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación no mesmo, igualmente publicar a resolución no taboleiro de anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da sinatura da resolución polo Alcalde.”

### **Asunto: Nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local e Delegación de funcións**

**“Resolución de Alcaldía**

**N.º Resolución:**2019-210

**Expediente N.º:** PLN/2019/10

**Asunto: Nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local e Delegación de funcións**

**Procedemento:** Convocatoria de O Pleno

**Fecha de iniciación:** 14 de xuño de 2019

### **RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

Vista a celebración das eleccións municipais o día 26 de maio de 2019 e procedéndose o día 15 de xuño de 2019 á constitución da nova Corporación Local, en virtude do disposto nos artigos 20.1b) e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 35.2 e 52 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro,

### **RESOLVO**

**PRIMEIRO.** Nomear membros da Xunta de Goberno Local aos seguintes Concelleiros:

- D. Fernando A. Pensado Barbeira.
- D. Aurora Vila Agra.
- D. José Ramón García Vázquez.

**SEGUNDO.** Establecer as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local, que terán lugar o primeiro e o terceiro mércores non festivos de cada mes , ás 14 horas , no salón de sesións do Concello (se é festivo, poderá adiantarse ou retrasar a data sen que exceda de 3 días).

**TERCEIRO.** Corresponde á Xunta de Goberno Local, ademais da asistencia permanente ao Alcalde no exercicio das súas atribucións, as seguintes competencias que se delegan:

- a).- As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenrolo do planeamento xeral no expresamente atribuídas o Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e de dos proxectos de urbanización
- b).- A concesión de licencias, salvo que as leis sectoriais as atribúan expresamente ó Pleno.

## Concello de Palas de Rei



## Concello de Palas de Rei

**CUARTO.** Notificar persoalmente a presente resolución aos designados, que se considerará aceptada tacitamente, salvo manifestación expresa; e remitir a resolución do nomeamento ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación no mesmo, igualmente publicar a resolución no taboleiro de anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da sinatura da resolución polo Alcalde.

**QUINTO.** Dar conta ao Pleno do Concello desta resolución na primeira sesión que se celebre.”

### **Asunto: Nomeamento Tenentes de Alcalde**

**“Resolución de Alcaldía**

**N.º Resolución:** 2019-0211

**Expediente N.º:** PLN/2019/10

**Asunto: Nomeamento Tenentes de Alcalde**

### **RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

Vista a celebración das eleccións municipais o día 26 de maio de 2019 e procedéndose o día 15 de xuño de 2019 á constitución da nova Corporación Local. En virtude das atribucións que me confiren os artigos 21.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 46.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986,

### **RESOLVO**

**PRIMEIRO.** Designar como Tenentes de Alcalde do Concello de Palas de Rei aos seguintes Concelleiros:

- D<sup>a</sup>. Aurora Vila Agra. - Primeira Tenente de Alcalde
- D. Fernando Alfredo Pensado Barbeira.- Segundo Tenente de Alcalde
- D. José Ramón García Vázquez. -Terceiro Tenente de Alcalde

Aos Tenentes de Alcalde nomeados, previa aceptación do seu cargo, correspóndelles en canto a tales, substituír ao Alcalde na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións.

**SEGUNDO.** Notificar persoalmente a presente resolución aos designados, que se considerará aceptada tacitamente, salvo manifestación expresa: e remitir a resolución de nomeamento ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación no mesmo, igualmente publicar a resolución no taboleiro de anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da sinatura da resolución polo Alcalde.

**TERCEIRO.** Dar conta ao Pleno do Concello desta resolución na primeira sesión que se celebre.”

### **Asunto: Aprobación de excedencia**

## Concello de Palas de Rei



## Concello de Palas de Rei

**"Expediente núm.:** 424/2019

**Resolución nº:** 2019-0212

**Procedemento:** Excedencias e outras Situacións Administrativas

**Interesado:** ALBA VILLASANTE TORRES

**Data de iniciación:** 15/06/2019

### **A) RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

Vista a solicitude de declaración de excedencia forzosa por exercicio de cargo público representativo presentada por ALBA VILLASANTE TORRES, con base ao informe-proposta de Secretaría e en exercicio das atribucións que confiren á Alcaldía os artigos 21.1.h) da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e 41.14 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

### **RESOLVO**

**PRIMEIRO.** Declarar a ALBA VILLASANTE TORRES, personal laboral deste Concello, en situación de excedencia forzosa por exercicio de cargo representativo con efectos desde o día 20 de xuño de 2019.

**SEGUNDO.** Coa mesma data de efectos, dar de baixa ao mencionado traballador na Seguridade Social e suspender o abono de retribucións.

**TERCEIRO.** Notificar a presente Resolución ao interesado."

Os concelleiros presentes danse por enterados dos decretos de organización expostos polo señor Alcalde.

### **Establecemento das periodicidade das sesións plenarias ordinarias**

O señor Alcalde comenza o punto a través da lectura da seguinte proposta de Alcaldía:

#### **" PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE PERIODICIDADE DAS SESIÓN ORDINARIAS DO PLENO DA CORPORACIÓN**

Celebradas as eleccións municipais o día 26 de maio de 2019 e constituída a nova Corporación o día 15 de xuño de 2019 de acordo coa lexislación vixente resulta necesario proceder ó establecemento da periodicidade con que o Pleno da Corporación celebrará as sesións ordinarias.

Considerando que de conformidade có disposto no artigo 46.2 da lei Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Rexíme Local, o Pleno celebrará sesión ordinaria como mínimo cada tres meses e extraordinaria, cando así o decida o Presidente ou o solicite a polo menos a cuarta parte, do número legal de os membros da Corporación.

Así mesmo o a Lei 5/1997, de 22 de Xullo de Administración Local de Galicia establece no seu artigo 210.2 que o Pleno da Corporación celebrará sesión

## Concello de Palas de Rei



## Concello de Palas de Rei

ordinaria como mínimo cada dos meses.

Esta Alcaldía de conformidade co disposto no art. 38 do Real Decreto 2568/1096, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en concordancia artigo 46.2 da lei 7/1985, de 2 de abril e 210.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo anteriormente referidas propón o Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.-** Establecer que as sesións plenarias ordinarias terán lugar os terceiros xoves non festivos da cada mes par (febreiro, abril, xuño, agosto, outubro, decembro) as 14 horas no salóns de sesións da Casa do Concello.

**SEGUNDO.-** O Sr. Alcalde-Presidente, previa xustificación, poderá pospoñer ou avanzar a data de celebración das sesións plenarias ordinarias a oito días naturais como máximo dentro do mesmo mes o que corresponda a súa celebración.”

Ante a ausencia de debate procedese a votación, resultando aprobada a proposta por unanimidade dos presentes, o seguinte **ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Establecer que as sesións plenarias ordinarias terán lugar os terceiros xoves non festivos da cada mes par (febreiro, abril, xuño, agosto, outubro, decembro) as 14 horas no salóns de sesións da Casa do Concello.

**SEGUNDO.-** O Sr. Alcalde-Presidente, previa xustificación, poderá pospoñer ou avanzar a data de celebración das sesións plenarias ordinarias a oito días naturais como máximo dentro do mesmo mes o que corresponda a súa celebración.

### **Proposta de Alcaldía de creación e composición da Comisión Especial de Contas e non creación de Comisións Informativas Permanentes**

O señor Alcalde comenza o punto a través da lectura da seguinte proposta de Alcaldía:

#### **“ PROPOSTA DA ALCALDÍA**

##### **Asunto : Creación e composición da Comisión Especial de Contas e non creación de Comisións Informativas Permanentes.**

Celebradas as eleccións municipais o día 26 de maio de 2019 e habéndose procedido o día 15 de xuño de 2019 á constitución da nova Corporación Local, de acordo co disposto no artigo 20.1 e) da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, que establece que a Comisión Especial de Contas existe en todos os municipios, debendo esta constituída, segundo o artigo 116 por membros dos distintos grupos políticos integrantes da Corporación, engadindo o artigo 66 e 67 da Lei 5/1997, de 22 de xuño de administración Local de Galicia que o número de membros será proporcional a súa representatividade no concello.

Tendo en conta o establecido no artigo 20.1 c) da Lei, 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, onde se establece que nos Concellos de

## Concello de Palas de Rei



## Concello de Palas de Rei

*menos de 5.000 habitantes , a existencia de comisións informativas permanentes non é preceptiva.*

*Corresponderá a Comisión Especial de Contas o exame, estudo e informe da Conta Xeral e das demais contas anuais da Corporación. A Comisión Especial de Contas reunirse necesariamente antes do 1 de xuño de cada ano para examinar a conta xeral da Corporación. Poderá non obstante, celebrar reunións preparatorias, si o seu Presidente o decide ou si o solicita unha cuarta parte polo menos do numero legal de membros da Comisión.*

*Esta Alcaldía de conformidade có disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, do 8 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, propón o Pleno a adopción dos seguintes acordos:*

**PRIMEIRO.-** *Crear a Comisión Especial de Contas, de obrigada existencia en todas as Corporacións Locais.*

**SEGUNDO.** - *A composición da Comisión Especial de Contas estará constituída por membros dos distintos grupos políticos da Corporación e será proporcional a súa representatividade ( 2 membros do Grupo Municipal Popular e 1 membro do Grupo Municipal Socialista).*

**TERCEIRO.-** *Non crear comisións informativas por ser de carácter potestativo a súa existencia, segundo o artigo 20.1 c) da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local.*

**CUARTO.** - *Comunicar este acordo ós diferentes grupos políticos municipais, facéndolles saber que deberán designar o seu representante na Comisión Especial de Contas, notificándollo por escrito a Secretaría Xeral do Concello no prazo de 5 días. "*

Ante a ausencia de debate procedese a votación, resultando aprobada a proposta por unanimidade dos presentes, o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Crear a Comisión Especial de Contas, de obrigada existencia en todas as Corporacións Locais.

**SEGUNDO.** - A composición da Comisión Especial de Contas estará constituída por membros dos distintos grupos políticos da Corporación e será proporcional a súa representatividade ( 2 membros do Grupo Municipal Popular e 1 membro do Grupo Municipal Socialista).

**TERCEIRO.-** Non crear comisións informativas por ser de carácter potestativo a súa existencia, segundo o artigo 20.1 c) da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local.

**CUARTO.** - Comunicar este acordo ós diferentes grupos políticos municipais, facéndolles saber que deberán designar o seu representante na Comisión Especial de Contas, notificándollo por escrito a Secretaría Xeral do Concello no prazo de 5 días.

## Concello de Palas de Rei



## Concello de Palas de Rei

### **Nomeamento dos representantes da corporación en órganos colexiados e calquera outros**

O señor Alcalde comenza o punto a través da lectura da seguinte proposta de Alcaldía:

#### **“ PROPOSTA DA ALCALDÍA**

#### **ASUNTO: NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS E CALQUERA OUTROS.**

*De acordo có disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e preciso nomear Concelleiros que representen a Corporación Municipal nos distintos órganos colexiados con representación municipal, nomeamento que debe facerse a través do acordo plenario o que se refire a devandito art. 38 do ROF.*

*A vista do anterior propoño o Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:*

**PRIMEIRO.** - Nomear a Concelleira D<sup>a</sup>. María Aurora Vila Agra como representante do Concello nos órganos colexiados que de seguido se relacionan:

- CEIP de Palas de Rei.
- IES de Palas de Rei.

**SEGUNDO.-** Nomear o Concelleiro D. Rodrigo González Penas como representante do Concello no órgano colexiado do Grupo de Desarrollo Rural (GDR-7).

**TERCEIRO.** - *Notificar ós órganos colexiados o presente acordo para constancia e efectos.”*

Ante a ausencia de debate procedese a votación, resultando aprobada a proposta por unanimidade dos presentes, o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.** - Nomear a Concelleira D<sup>a</sup>. María Aurora Vila Agra como representante do Concello nos órganos colexiados que de seguido se relacionan:

- CEIP de Palas de Rei.
- IES de Palas de Rei.

**SEGUNDO.-** Nomear o Concelleiro D. Rodrigo González Penas como representante

## Concello de Palas de Rei





## Concello de Palas de Rei

do Concello no órgano colexiado do Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR-7).

### Creación, se procede da Xunta de Goberno Local

O señor Alcalde comenza o punto a través da lectura da seguinte proposta de Alcaldía:

#### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

#### **ASUNTO: CREACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

*Celebradas as eleccións municipais o día 26 de maio de 2019 e constituída a nova Corporación o día 15 de xuño de 2019, de acordo coa lexislación vixente, resulta necesario proceder o establecemento da nova organización municipal, e en particular, á creación da Xunta de Goberno Local.*

*Considerando que o artigo 20.1 da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases de Rexime Local, autoriza que os municipios con poboación de menos de 5.000 habitantes, se poida crear a Xunta de Goberno Local, se así o acorda o Pleno da Corporación.*

*Considerando que a creación de este órgano municipal resulta de gran utilidade para unha mellor xestión dos asuntos e goberno municipal, e que, mediante Decreto desta Alcaldía nº 2019/210 de data 17 de xuño de 2016 procedeuse ó nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local, para o caso de que o Pleno acordase a súa creación.*

*Esta Alcaldía de conformidade có establecido no artigo 20.1 da Lei 7/1985, de 2 de Abril Reguladora das Bases de Réxime Local propón o Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:*

**PRIMEIRO.** - *Creara Xunta de Goberno Local coa composición que establece o Decreto 2019/210 do día 17 de xuño de 2019.*

*Presidente :*

*— D. Pablo José Taboada Camoira.*

*Vocais:*

*— D. Fernano A. Pensado Barbeira.*

*— D. Aurora Vila Agra.*

*— D. José Ramón García Vázquez.*

**SEGUNDO.**- *A Xunta de Goberno Local exercerá as competencias que lle deleguen o Alcalde e o Pleno, así como aquelas atribucións que expresamente lle asignen as*

## Concello de Palas de Rei



## Concello de Palas de Rei

leis.

**TERCEIRO.** - Establecer as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local, que terán lugar o primeiro e o terceiro mércores non festivos de cada mes, ás 14 horas, no salón de sesións do Concello (se é festivo, poderá adiantarse ou retrasar a data sen que exceda de 3 días)."

Ante a ausencia de debate procedese a votación, resultando aprobada a proposta por unanimidade dos presentes, o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.** - Creara Xunta de Goberno Local coa composición que establece o Decreto 2019/210 do día 17 de xuño de 2019.

Presidente :

— D. Pablo José Taboada Camoira.

Vocais:

— D. Fernano A. Pensado Barbeira.

— D. Aurora Vila Agra.

— D. José Ramón García Vázquez.

**SEGUNDO.-** A Xunta de Goberno Local exercerá as competencias que lle deleguen o Alcalde e o Pleno, así como aquelas atribucións que expresamente lle asignen as leis.

**TERCEIRO.** - Establecer as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local, que terán lugar o primeiro e o terceiro mércores non festivos de cada mes, ás 14 horas, no salón de sesións do Concello (se é festivo, poderá adiantarse ou retrasar a data sen que exceda de 3 días).

### **Coñecemento dos grupos municipais constituídos e designación de portavoces**

O señor Alcalde comenza o punto a través da lectura das seguintes proposta realizadas polos diferentes partidos políticos:

**“Asunto: Proposta do Partido Popular (Rexistro entrada 2019-E-RC-1167)**

*Don Amando Sande Agra, Don Jose Ramón García Vázquez, Dona Aurora Vila Agra, Dona Alba Villasante torres e Don Rodrigo González Penas.*

*Concelleiros da Corporación Municipal de Palas de Rei elixidos nas eleccións locais de maio de 2019 pola formación política Partido Popular, para dar cumprimento ao disposto no artigo 24 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento das Entidades Locais (ROF), comunican á Presidencia desta Corporación a súa constitución como grupo político municipal, coa denominación de Grupo Municipal do Partido Popular.*

## Concello de Palas de Rei



## Concello de Palas de Rei

*De igual forma poñen no seu coñecemento que por acordo adoptado polas persoas que conforman este grupo désígnase como Portavoz do Grupo a Don Fernando Alfredo Pensado Barbeira e como Portavoz suplente do mesmo a Don Pablo Taboada Camoira."*

**"Asunto: Proposta do Partido Socialista Obrero Español  
(Rexistro entrada 2019-E-RC-1168)**

### **CONSTITUCIÓN GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA EN EL AYUNTAMIENTO DE PALAS DE REI**

*Don/Doña Horacio Rouco Ferro.  
Don/Doña Ana María Corredoira Vázquez.  
Don/Doña Sabino Prieto Vázquez.  
Don/Doña José Ramón López Bruzos.*

*Todos Concejales/as de este Ayuntamiento de Palas de Rei elegidos en las pasadas ELECCIONES LOCALES integrantes de la candidatura presentada por la formación política Partido Socialista Obrero Español (PSOE) cuyos demás datos constan suficientemente acreditados, dando cumplimiento a lo establecido en el **artículo 24** del Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre por el que se aprueba el **Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales (ROF)**, comunican a la Alcaldía-Presidencia de la Corporación Municipal su constitución como Grupo político Municipal cuya denominación será **Grupo Municipal Socialista**.*

*De igual forma pone en su conocimiento que se designa como Portavoz del Grupo municipal a:*

*Don/Doña Horacio Rouco Ferro.*

*Igualmente se designa como Supletne del referido portavoz, al concejal:*

*Don/Doña José Ramón López Bruzos.  
Don/Doña Ana María Corredoira Vázquez.  
Don/Doña Sabino Prieto Vázquez.*

*En base a lo dicho:*

**SOLICITO**, que teniendo por presentado el presente escrito se sirva admitirlo tenga por presentado en tiempo y forma **ESCRITO DE CONSTITUCIÓN DE GRUPO MUNICIPAL PSOE**, así como nombrando Portavoz y Suplente del referido grupo, durante la presente legislatura 2019-2023."

Polo tanto, o Pleno de Palas de Rei dáse por enterado da constitución dos grupos municipais e da designación dos seus voceiros ou portavoces.

**Delegación, se procede, de competencias do pleno na Xunta de Goberno Local**

## Concello de Palas de Rei



## Concello de Palas de Rei

O señor Alcalde comenza o punto a través da lectura da seguinte proposta de Alcaldía:

### **"PROPOSTA DA ALCALDÍA**

#### **ASUNTO: DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO DA CORPORACIÓN NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

*Celebradas as eleccións municipais o día 26 de maio de 2019 e constituída a nova Corporación Municipal o día 15 de xuño de 2019 e coa finalidade de facer realidade os principios recollidos no artigo 103 da Constitución Española de 1978 que establece que "A Administración pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e mais ó dereito, esta Alcaldía considera conveniente realizar proposta para que certas materias que son competencia do Pleno da Corporación Municipal sexa a Xunta de Goberno Local quen as desenrole.*

*O que se pretende con esta asunción de competencias propias do Pleno por parte de Xunta de Goberno Local e que os asuntos ganen en celeridade de tal forma que os veciños sexan directamente beneficiarios por tal medida.*

*De conformidade có disposto no artigo 22.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladoras das Bases de Réxime Local o Pleno pode delegar o exercicio das súas atribucións no Alcalde e na Xunta de Goberno Local, salvo as enumeradas no apartado 2 parágrafos: a), b), d), e), f), g), h), i), l) y p), e no apartado 3 de este artigo.*

*Así mesmo en base o disposto na Disposición Adicional 2ª do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e Tendo en conta todo o anterior, por esta Alcaldía propónse o Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes acordos:*

**PRIMEIRO.-** *Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións:*

*a).- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.*

*s).- A declaración de lesividade dos actos do Concello*

*c).- A concertación das operacións de créditos cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento, salvo as de tesourería que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior- todo elo de conformidade có disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.*

*d).- A aprobación dos proxecto de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación o concesión, e cando aínda no estén previstos nos orzamentos.*

## Concello de Palas de Rei



## Concello de Palas de Rei

**SEGUNDO.-** Así mesmo e de conformidade có establecido no artigo 51.2 e na disposición adicional segunda do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro , polo que se aproba o texto refundido de la Lei de Contratos do Sector Público, propónse a delegación de todas as competencias que en materia de contratación en materia patrimonial correspondan o Pleno da Corporación na Xunta de Goberno Local excepto a concesión de bens e servizos por mais de 5 anos e que supere o 20% do recursos ordinarios do presuposto e a enaxenación de bens que excedan do 20% dos recursos ordinarios, por prohibición expresa do artigo 47.2 da lei de Bases de Réxime Local. “

Ante a ausencia de debate procedese a votación, resultando aprobada a proposta por unanimidade dos presentes, o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións:

a).- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.

s).- A declaración de lesividade dos actos do Concello

c).- A concertación das operacións de créditos cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento, salvo as de tesourería que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior- todo elo de conformidade có disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.

d).- A aprobación dos proxecto de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda no estean previstos nos orzamentos.

**SEGUNDO.-** Así mesmo e de conformidade có establecido no artigo 51.2 e na disposición adicional segunda do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro , polo que se aproba o texto refundido de la Lei de Contratos do Sector Público, propónse a delegación de todas as competencias que en materia de contratación en materia patrimonial correspondan o Pleno da Corporación na Xunta de Goberno Local excepto a concesión de bens e servizos por mais de 5 anos e que supere o 20% do recursos ordinarios do presuposto e a enaxenación de bens que excedan do 20% dos recursos ordinarios, por prohibición expresa do artigo 47.2 da lei de Bases de Réxime Local.

**Dar conta de expediente tramitado para o recoñecemento de dedicacións exclusivas a membros da corporación e adopción de acordos que procedan.**

O señor Alcalde comenza o punto a través da lectura da seguinte proposta de Alcaldía:

**“ MEMORIA-PROPOSTA DA ALCALDÍA**

## Concello de Palas de Rei



## Concello de Palas de Rei

Mediante providencia de Alcaldía de data 17 de xuño de 2019 dispúxose a emisión de Informe de Secretaría sobre a normativa aplicable e o procedemento a seguir para o recoñecemento da dedicación exclusiva aos membros da corporación, que se emitiu con data 17 de xuño de 2019.

Á vista do citado informe , así como do informe de Intervención de data 17 de xuño de 2019, esta Alcaldía, desde o punto de vista da organización interna, considera que os cargos de Alcalde-Presidente Concelleiro delegado de servizos sociais e concelleiro delegado de obras necesitan dunha dedicación total as súas funcións e delegacións coas retribucións que iso supoña.

Por todo iso,

### **PROPOÑO**

**PRIMEIRO.** Determinar que os cargos de Alcalde Presidente, Concelleira Delegada de Servizos Sociais e Concelleiro Delegado de Obras realicen as súas funcións en réxime de dedicación total polos seguintes motivos: adicación exclusiva a estas función con presenza efectiva no Concello de 40 horas semanais de luns a venres.

**SEGUNDO.** Establecer a favor dos membros da corporación que desempeñen os seus cargos en réxime de dedicación exclusiva, as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e os dous restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e darlles de alta no réxime xeral da seguridade social, debendo asumir esta corporación o pago das cotas empresariais que corresponda.

— O cargo de Alcalde-Presidente , percibirá unha retribución anual bruta de 33.865,32€.

— O cargo de Concelleira Delegada de Servizos Sociais , percibirá unha retribución anual bruta de 24.500,00 €.

— O cargo de Concelleiro Delegado de obras percibirá unha retribución anual bruta de 25.500,00€.

**TERCEIRO.** Os membros da corporación que non desempeñen as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou dedicación parcial terán dereito a percibir as unha asignación de 130 € por asistencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados municipais dos que formen parte e non presidan.

**CUARTO.** Para cada un dos grupos políticos con representación unha asignación fixa de 4.000,00 € e unha variable de 600,00 € por concelleiro adscrito ao partido, que se abonarán trimestralmente previa a súa xustificación correspondente.

**QUINTO.** Que pola Intervención sexa emitido informe acerca da existencia de consignación suficiente e adecuada no orzamento municipal vixente para atender ás retribucións dos cargos propostos.

**SEXTO.** Que se informe por Secretaría esta proposta. “

## Concello de Palas de Rei



## Concello de Palas de Rei

Ante a ausencia de debate procedese a votación, resultando aprobada a proposta por unanimidade dos presentes, o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.** Determinar que os cargos de Alcalde Presidente, Concelleira Delegada de Servizos Sociais e Concelleiro Delegado de Obras realicen as súas funcións en réxime de dedicación total polos seguintes motivos: adicación exclusiva a estas funcións con presenza efectiva no Concello de 40 horas semanais de luns a venres.

**SEGUNDO.** Establecer a favor dos membros da corporación que desempeñen os seus cargos en réxime de dedicación exclusiva, as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e os dous restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e darlles de alta no réxime xeral da seguridade social, debendo asumir esta corporación o pago das cotas empresariais que corresponda.

— O cargo de Alcalde-Presidente , percibirá unha retribución anual bruta de 33.865,32.€.

— O cargo de Concelleira Delegada de Servizos Sociais , percibirá unha retribución anual bruta de 24.500,00 €.

— O cargo de Concelleiro Delegado de obras percibirá unha retribución anual bruta de 25.500,00€.

### **Expediente 425/2019. Cargos Públicos (Dedicacións, Retribucións e Indemnizacións)**

O señor Alcalde comenza o punto a través da lectura da seguinte proposta de Alcaldía:

#### **“ MEMORIA-PROPOSTA DA ALCALDÍA**

*Mediante providencia de Alcaldía de data 17 de xuño de 2019 dispúxose a emisión de Informe de Secretaría sobre a normativa aplicable e o procedemento a seguir para a organización interna, considera que os cargos de Alcalde-Presidente Concelleiro delegado de servizos sociais e concelleiro delegado de obras necesitan dunha dedicación total as súas funcións e delegacións coas retribucións que iso supoña.*

*Por todo iso,*

#### **PROPOÑO**

**PRIMEIRO.** *Os membros da corporación que non desempeñen as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou dedicación parcial terán dereito a percibir as*

## Concello de Palas de Rei



## Concello de Palas de Rei

---

*unha asignación de 130 € por asistencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados municipais dos que formen parte e non presidan.*

**SEGUNDO.** *Para cada un dos grupos políticos con representación unha asignación fixa de 4.000,00 € e unha variable de 600,00 € por concelleiro adscrito ao partido, que se abonarán trimestralmente previa a súa xustificación correspondente."*

Ante a ausencia de debate procedese a votación, resultando aprobada a proposta por unanimidade dos presentes, o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.** Os membros da corporación que non desempeñen as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou dedicación parcial terán dereito a percibir as unha asignación de 130 € por asistencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados municipais dos que formen parte e non presidan.

**SEGUNDO.** Para cada un dos grupos políticos con representación unha asignación fixa de 4.000,00 € e unha variable de 600,00 € por concelleiro adscrito ao partido, que se abonarán trimestralmente previa a súa xustificación correspondente.

### B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

### C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

### DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

---

### Concello de Palas de Rei

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 (Lugo). Tfno. 982380001. Fax: 982374015